

Varia

Cartas de Alonso Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego

Letters from Alonso Zamora Vicente to Fernández del Riego

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Filoloxía Galega

[Recibido, xaneiro 2007; aceptado, febreiro 2007]

I

Enténdase esta achega como unha homenaxe ó profesor Zamora Vicente, que nos deixou o 14 de marzo do ano pasado. Don Alonso Zamora estaba tan vencellado á revista *Madrygal* que sempre será procedente evocar, nas súas páxinas, calquera dos aspectos do seu polifacético labor intelectual.

Carteouse durante 25 anos (1946-1971) co escritor galego que acaba de cumprir 94. Tres anos máis vello ca Zamora Vicente, Fernández del Riego aínda publica artigos de crítica ou evocación literaria nas páxinas culturais dos xornais galegos.

Ningún dos dous escritores é alleo a *Madrygal*. Xa no número 2 (1999), os alumnos de Filoloxía Románica da Complutense entrevistaron ó ilustre filólogo madrileño, e no número 5 (2002), a profesora Ana Acuña Trabazo dialogou co escritor galego. Poucos días despois do falecemento de Zamora Vicente, o señor Fernández del Riego, de quen son vello amigo e admirador, agasalloulle coa fotocopia de 30 misivas do filólogo: 26 cartas, dúas tarxetas de visita, a invitación de voda (1946) e a invitación para asistir ó seu ingreso na Real Academia Española (1967)¹.

Os 26 textos epistolares expresan ben a relación intelectual entre os dous escritores e achégannos valiosos datos sobre os traballos literarios do autor e do destinatario das cartas. O un e o outro, que veñen do clima moral e cultural da II República Española, non concordan coa miseria e beocia

espiritual do franquismo, disconformidade frecuente nas cartas do profesor Zamora Vicente. Cando se publique o outro espistolario—as cartas do escritor galego ó filólogo—teremos noticia precisa dos temas en que Fernández del Riego lle fai saber as circunstancias políticas nas que foi detido en dúas ocasións. Nas de Zamora Vicente hai referencias, doridas, a estes dous penosos sucesos.

Fernández del Riego foi un atento lector dos traballos literarios de Zamora Vicente, que reseñou nos periódicos galegos, especialmente en *La Noche*, de Santiago. Nos primeiros anos, estas reseñas, sempre laudatorias, estimularon non pouco —cremos— ó filólogo Alonso Zamora Vicente. Despréndese dalgunhas misivas que a Del Riego interesáronlle moito os traballos nos que o ilustre lingüista abordou —el o primeiro— determinados fenómenos do galego moderno². Non estaba alleo Fernández del Riego ó feito de que a Lingüística galega apenas tiña, daquela, cultivadores e de que as indigacións nesas concretas realidades eran pioneiras.

Fernández del Riego, que sempre foi un valleinclanófilo, estima, dun xeito moi especial, os traballos do profesor Zamora sobre o teatro de Valle. En 1974 chega a afirmar que don Alonso Zamora é “un dos críticos máis lúcidos e intelixentes da obra valleinclanesca”³. Gabanzas moi semellantes profería Del Riego nunha reseña de 1969⁴. Algunhas cartas de Zamora Vicente proban

¹ Os orixinais pódense consultar na Biblioteca Penzol (Vigo)

² Son catro os traballos de xeografía lingüística:

“Geografía del seseo gallego”, *Filología*, Buenos Aires, III, 1951.

“La frontera de la geada”, *Homenaje a Fritz Krüger*, Mendoza, 1952.

“De geografía dialectal; -ao, -an en gallego”, *Nueva Revista de Filología Hispánica*, México, VII, 1953.

“Las grafías -uit-, -oit- en gallego moderno. Su repartición geográfica”, *Boletín de Filología*, Lisboa, XXI, 1963.

³ Reseña, en *Grial* (Vigo, 43, 1974, p. 110), da ed. de *Luces de Bohemia* (Madrid, Espasa-Calpe, Clásicos Castellanos, 1973).

⁴ Reseña en *Grial* (n.º 24, 1969, pp. 251-53), de *La realidad esperpéntica (Aproximación a Luces de bohemia)*, Madrid, Gredos, 1969.

claramente o interese que os seus traballos sobre Valle-Inclán suscitaban en Fernández del Riego xa anos antes.

Sabe moi ben Zamora Vicente que Del Riego é un dos intelectuais galegos máis comprometidos coa causa da lingua e das Letras galegas, compromiso no que asumiu tarefas tan decisivas como a de dirixir a revista *Grial*, creada en 1963. Dez anos despois, varios intelectuais extragalegos (Dámaso Alonso, Tavani, Piel, Rodrigues Lapa...) foron requeridos para opinar sobre a revista. Esta foi a resposta do noso filólogo:

SIGNIFICATIVA Y EXCELENTE

La revista Grial es verdaderamente significativa y excelente. Da fe de vida de la honda y grave preocupación intelectual de las gentes de habla gallega. Y lo hace sin localismo rancio, sino con ese aliento seguro y firme, que lleva de lo local y regional a lo universal. Puede codearse sin desdo-

ro con las revistas de mayor empuje. Sus diversas secciones ponen sobre la mesa una tarea intensa y consciente, sin apasionamientos trasnochados, sino vestida de eficacia y verdad, que conduce, derechita, a suponer algo en el conjunto nacional. Grial ha sabido escoger el camino más llano de sentido dentro del quehacer intelectual, con sus esquince, sus curvas peligrosillas, pero con meta segura. En la entrevista diana, no es difícil percibir ya, después de los cuarenta y tantos números publicados, un fruto maduro: la dignificación de la lengua gallega como vehículo de alta cultura. Y eso, repito, sin lirismos huecos, sin rimbombancias oratorias, tan quebradizas, sino por el esfuerzo colectivo y la entrega total. Deseamos a Grial una larga vida, llena de logros, de manifestaciones brillantes que satisfagan su vocación de permanencia..

Alonso ZAMORA VICENTE
Catedrático de Universidad
Secretario Perpetuo de la R. Academia Española⁵.

II

Nesta segunda parte limitámonos a reproducir, por orde cronolóxica, dezasete cartas de Alonso Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego, catro completas e o resto fragmentariamente. Algunhas secuencias serán obxecto de notas.

1

Madrid. 10-1-1946

Querido F. del Riego:

Recibí su trabajo sobre Forner. Gracias. Veo que no le interesa la *Oración* mucho, lo que no me extraña: es pesadísima y, sobremañera, pedante⁶. Sin embargo, forma, con las *Exequias*⁷, lo único aprovechable de Forner.

Mi edición nació en el tiempo en que yo era profesor en Mérida, donde me pidieron algo de él⁸. Tardé mucho en hacerlo, pero al fin, salió: respiré. [...]

Sin embargo, si pudiéramos hablar "tête a tête", le demostraría a Ud. cuán de actualidad es Forner ahora y por qué.

2

22, julio, 1946

Amigo del Riego:

Ve con satisfacción que el *Poema de F. G*⁹ le ha despertado buenas evocaciones. Yo pienso que es un libro muy hermoso, poco explotado todavía, que me ha proporcionado grandes ratos de satisfacción. Doblemente le agradezco sus líneas.

3

Outubro (?), 1947

Si tiene tiempo y ganas, cuénteme como quedó el asunto de Uds. ¿De qué se les acusa? ¿Les molestan más? ¿Cómo duele este no poder dar una añoranza (¿) histórica a nuestra guerra civil! ¿Hemos de estar detrás de ella como alucinados! ¿Y hasta cuando? Yo pasé un momento por la cárcel, allí saludé a Villanueva, mi gran amigo de Santiago¹⁰, y me dijeron que estaba incomunicado todavía. Cuénteme más, si tiene humor.

⁵ *Grial*, n.º 42, 1973, p. 467.

⁶ Refiérese á *Oración apologética de España y su mérito literario*, de Juan Pablo Forner (1756-1797), que el publicou no Centro de Estudios Extremeños, Badajoz, en 1945.

⁷ *Exequias de la lengua castellana. Sátira menipea*, de 1782.

⁸ En Mérida, patria de Forner, tuvo A. Z. V. a súa primeira cátedra de Instituto. Alí elaborou unha das súas primeiras investigacións lingüísticas: *El habla de Mérida y sus cercanías*, 1943

⁹ Trátase do cantar de xesta (do mester de clerecía) do XIII, *Poema de Fernán González*. En 1946 A. Z. V. fixo unha edición para Clásicos Castellanos.

¹⁰ Ulpiano Villanueva (1900-1967), catedrático da Facultade de Medicina de Santiago, foi detido por pertencer á Unión de Intelectuales Libres. Con el, Fernández del Riego, Luciano del Río, Darío Álvarez Blázquez, Ramón Baltar, Vidal de Bustamante... Foron 15 días de prisión.

Ó profesor Villanueva tratouno moito na súa etapa compostelana (1943-1946). Hai que supoñer que, enterado do encarceramento, viaxou á prisión de Vigo para manifestarlle a súa solidariedade.

4

15-10-1947

Amigo del Riego:

No sabe Ud. cómo sentí no poder saludarle en mi viaje a Vigo... Espero que Ud. me ponga unas letras que digan que todo se arregló, como es de esperar, y de que Ud. se ha reincorporado a la vida con el mismo espíritu abierto y libre de siempre¹¹.

5

7-11-1947

Amigo Del Riego:

Comprendo perfectamente ese escozor de que V. me habla. Pocos pueblos como el español pueden hablar de escozores y, en ocasiones, de algo más que de escozores. Pero ya pasó. Mientras les dejen en paz, menos mal. Yo muchas veces le pido a Dios, allá por lo más hondo, que España se reencuentre un poco y que vuelva a tener un momento histórico lleno de sinceridad. Mientras eso no llegue no seremos nada.

Espero que los días de Santiago le hayan hecho bien. Yo tengo agravada su nostalgia de manera acuciante y permanente. ¡Tardes de la Quintana, al abrigo de la Iglesia! En estas largas, suaves, tardes de Castilla, yo evoco vivamente mi costumbre de Santiago, con don Ramón Prieto, cuesta de Bonaval arriba mientras se van cayendo las campanadas de la Catedral, o recorriendo la ciudad con Ulpiano Villanueva, en la visita a sus enfermos. En el silencio de mi biblioteca, resu[e]na dulcemente la calle enlosada, la lluvia terca, la queja de los mendigos. Santiago es un milagro vivo que no nos merecemos los españoles. Si yo fuera rico, me compraría uno de aquellos palacios, lo arreglaría por dentro para vivir y haría de su Universidad una de las mejores de Europa. Como no hay nada de eso, me conformo con soñarlo.

Mi casa americana era la Dirección del Instituto de Filología de la Universidad Nacional de Tucumán. Era —es— una Institución muy buena, que puso en marcha Benvenuto Terracini¹², ilustre filólogo italiano que pasó allí los años de furia fascista. Ahora se ha vuelto a Italia, a su cátedra de Turín. Y entre él y mi maestro Menéndez Pidal me animan a que vaya a continuar su esfuerzo. Dos años, contrato renovable, buena, muy buena ayuda económica. Pero me para el clima. Mi cosa pulmonar está curada, sí, pero muy cerca todavía. Y Tucumán es ciudad subtropical, que tendrá calores intensísimos. Ya veremos. Lo que me empuja —triste es decirlo— es esta lamentable situación económica que arrastro y que arrastran mis compañeros que no tengan

más que el sueldo. Este verano me he visto obligado a trabajar poco menos que a destajo para la *Revista de Occidente*, a fin de poder subsistir. No tengo enchufes ni los quiero. Aún hay clases. Pero me da una pena enorme de ese tiempo que yo robo a mi auténtica vocación. / En fin, todo esto son tonterías, que no sé por qué se las cuento.

Le mandaré a V. un ejemplar —el penúltimo— de lo de Valle-Inclán para su amigo. Déselo V. en mi nombre con mis deseos de que le valga para algo. No conozco la obra de Julia Mingüillón lo suficiente. He visto muy poco: me pareció bueno. He ahí otra de las cosas que yo haría de ser rico: tener cuadros. Tengo ya algunos, pero tengo que despedirme de ese lujoso capricho por mucho tiempo. Si alguna vez voy a Vigo con mejor pié que ahora, queda V. emplazado para que yo conozca, no a la Mingüillón, lo que al fin y al cabo también quería, pero sí cosas suyas¹³.

Tengo en prensa un Tirso de Clásicos. Dos comedias preciosas. Lo hicimos en colaboración mi mujer y yo, y tiene que salir de un momento a otro. Ya lo recibirá V. Es cosa no muy importante: nos valió para pagar el traslado de la casa a Salamanca. Y me despidió de V. por algún tiempo en lo que a publicaciones se refiere: voy a ir haciendo unas cuantas cosas que me han pedido y que publicaré lejos de España. Todas de pura ciencia filológica, que no creo puedan divertirle a V.¹⁴

Le felicito por su premio argentino y le doy las gracias por la notita de Valle. Sabe con cuanta estima se le recuerda. Un abrazo de

A. Zamora Vicente

6

12-3-1948

Mi querido Del Riego:

En julio —17 al 23— tengo lecciones en Santiago. A ver si para entonces nos conocemos.

7

Facultad de Filosofía y Letras
Instituto de Filología
Reconquista, 572, Buenos Aires¹⁵

15-2-1950

Supongo que ya le habrá llegado a V. un ejemplar de la revista *Filología*, que hago en el Instituto. Ya me dirá qué le parece.

¹¹ V. n. 10

¹² O profesor Benvenuto Terracini (Torino, 1886-1968), eminente lingüista, foi privado da súa cátedra na Italia fascista no ano 1938. Exerceu como profesor en Tucumán (Arxentina) de 1941 a 1947. É o ano en que se lle ofrece a cátedra a A. Z. V., quen resolveu non ir; non tardou en aceptar responsabilidade similar na Universidade de Buenos Aires.

¹³ Noutras cartas amosa un certo interese pola pintura de Julia Mingüillón (Lugo, 1906-Madrid, 1965)

¹⁴ Tirso de Molina, *Comedias (El amor médico y Averigüelo Vargas)*, Clásicos Castellanos (a ed. foi feita coa colaboración da súa muller, a dialectóloga María Josefa Canellada)

¹⁵ Escribe, xa, desde Buenos Aires, desde o Instituto de Filología, que dirixe. Xa se fora para México o seu fundador, Amado Alonso.

8

Buenos Aires, 2-3-1951

Mi querido Del Riego:

Adivino un poco eso de las dificultades con que tropieza V. para saltar el mar. En todas partes empiezan a aumentar. Lo malo es que nunca nos podemos hacer a la idea de que sea en nuestro país donde son mayores y más enconadas. Yo a veces siento un poco de desconsuelo pensando en mi vuelta, pero no hay más remedio.[...]

Sabe que no lo olvido. Mis cosas gallegas son dos. Una sobre la frontera y explicación histórica de la geada, en la que no veo, ni mucho menos, un fenómeno de vulgarismo, y unas breves notas sobre la geografía del seseo gallego... A lo mejor a los gallegos no les gusta¹⁶.

9

Buenos Aires, [1951]

Mi querido del Riego:

mucho le agradezco el tono sinceramente amistoso de su carta. No sé yo mismo cómo pude morirme. Parece que la noticia la inventó una antigua alumna mía de Santiago, que andaba por Madrid, algo rara. Quizá un mal entendido. Corrieron noticias aproximadas (pero de otra gente: otro Alonso "ilustre", enfermo seriamente de cáncer, la muerte de un tío carnal mío), y, quizá, el chisme inagotable de los chicos sobre los profesores. En fin, el primer asombrado fui yo. Mi mujer recibió la primera carta de pésame una mañana de frío endiablado, cuando estábamos todos juntos al calor de la estufa. Lo malo fue el susto que le dieron a mi pobre madre, ya viejecita y malucha. Todo se aclaró rápidamente.

A ver si es verdad que viene V. Si no, nos conocere[mos] a fines del año 51, en que me volveré a mi vieja Salamanca, y a lo mejor desembarcamos en Vigo. Habíamos pensado hacer un paseo por Francia antes de volver a casa, pero el hundimiento del peso argentino nos lo impedirá. Esto está realmente mal en el aspecto monetario, y no resulta ya divertido vivir así. En fin, ya charlaremos largamente alguna vez, no lo dude.

Estos días le he mandado el segundo número de *Filología* de este año. Lleva un largo trabajo mío. A ver si algún día salen mis cosas gallegas, pero esos impresores ultragandules...

No lo olvido. Con el afecto de costumbre le abraza su amigo

Zamora

10

Buenos Aires, 16-10-1951

Vi la exposición de los gallegos. A mi me pareció un poco desigual¹⁷. La Miguillón a mí, personalmente, me gusta, y hasta me gustaría tener alguna tela suya ¿Cobra muy caro? No tengo una perra. Creo que las cosas aquí no tuvieron una resonancia grande fuera de la colonia gallega. Se hacen las cosas con criterios algo limitados.

11

Buenos Aires, 28-11-1951

Desde enero me tendrá V. otra vez en Salamanca. En aquella casa donde me esperan mis libros y mis cuadros, y un pino pequeño que mi mujer cuidaba con regalo. Dios proveerá. Aquí ya no se puede hacer prácticamente gran cosa. Me voy contento de mi tarea, pero apenado por lo que podría haber hecho y no hice, a causa de lo que V. adivina¹⁸.

12

Salamanca, 2-3-1952

Amigo Del Riego:

Como siempre me voy encontrando con su amabilidad. He recibido su envío. Su *Historia de la lit. gallega*¹⁹, lo de Cabanillas²⁰, los tomos de Grial²¹. He ojeado-hojeado unas y otras cosas. Me parece que V. llama muy bien *Índice* a su librito, y creo que lo voy a consultar con fruto. Voy a leerlo entero, y con cuidado. Y en principio se lo voy a recomendar a los muchachos del cursillo de gallego-portugués, porque me parece que de esa provincia V. dice lo necesario, bien y pronto.

13

5-11-1952

Amigo Del Riego:

Gracias por su recuerdo rosalia (sic.) Veo que no descuida V. el trabajo, muy completo su camino a través de la crítica. He mirado por encima las cosas del libro²². Hay ideas interesantes. Es curioso el caso de esta Rosalía, poeta antes que nada, y a la que no se le aplican las normas estilísticas corrientes con ser tan fáciles. Yo la veo todavía muy desigual, con acentos delicadísimos y con tonterías inefables. Claro que, en materia de poesía, un acierto fino salva un libro entero, no hay duda.

¹⁶ V. n. 2¹⁷ Mostra de Pintura Galega, Centro Galego, 1951.¹⁸ Supoñemos que se refiere ó peronismo.¹⁹ *Historia de la literatura gallega*, Vigo, Galaxia, 1951.²⁰ Ramón Cabanillas, *Antífona da cantiga*, Vigo, Galaxia, 1951²¹ Catro foron os números da Colección «Grial» que publicou Galaxia en 1951, o seu ano inagural. Nesta altura (novembro do 51), A. Z. V. tería recibido os tres primeiros. Sabido é que foi prohibida polo falanxista Juan Aparicio, director Xeral de Prensa.²² *7 ensayos sobre Rosalía*, Vigo, Galaxia, 1952. Contén traballos de Carballo Calero, García-Sabell, Prado Coelho, Fernández de la Vega, R. Piñeiro, Rof Carballo e Fernández del Riego, que asina co pseudónimo habitual, Salvador Lorenzana ("Xuicios críticos sobre Rosalía")

14

Salamanca, 30-5-1953

Amigo del Riego: muchas gracias por su tarjeta parisina. (Ya supongo que V. habrá vuelto). Bueno, pues ya ve V. lo que son las cosas: su tarjeta me hizo poco menos que tirarme de los pelos. Su tarjeta (que me huele a Boul Mich a la legua, casi a Avenida Soufflot o a alrededores de Cluny), trae fecha 17 de mayo. Y V. me dice que ya lleva allí dos semanas, es decir, desde los primeros días del mes. Bien: yo he estado en París desde mediados de abril hasta el día 12 (¡DOCE!) de mayo. Seguramente nos hemos cruzado en algún museo, al entrar o salir del metro. A lo mejor éramos dos de esos inevitables paletos que suben a la torre Eiffel y que al oír español se alejan recelosos y metiéndose con la familia. Bueno, otra vez será

Cuénteme cosas de V., de su viaje. ¿Qué hay de aquellas prohibiciones de que V. me hablaba la última vez que me escribió?²³ Le he mandado a V. la geadá hace un par de días.

Por aquí, llenos de exámenes. Y de calor. Este año no hubo primavera. ¡Cómo estará ahora Galicia, verde, húmeda, suavísima! Aquí ya hemos llegado al interminable agosto.

Le abraza con el mayor afecto

A. Zamora Vicente

15

¿1955?

Mi querido Del Riego:

Recibí la antología gallega²⁴. Es muy útil y nutrida. Realmente hacen Vds. una buena tarea editando

tantas cosas buenas. A mi me va a ser muy útil, y le doy las gracias por el envío.

16

13-12-1957

Recibí, claro es, su carta anterior, y en ella la invitación a colaborar en el tomo homenaje a Otero Pedrayo. Desdichadamente no tengo ni tiempo ni original sino una enorme fatiga (desánimo?) de la que pienso curarme estas vacaciones²⁵.

17

Madrid, 6-2-1971

Querido Del Riego:

recibí a su tiempo su carta pro Ramón Lorenzo²⁶. No le he contestado porque esperaba a ver cómo se desenvolvía el asunto. Peripecias diversas en el tribunal, que acabaron por dejarle incompleto, y otras varias razones, nos han obligado a dejar desierta la cátedra como medida prudente y oportuna. Supongo que Ramón Lorenzo le habrá contado ya alguna cosa. Es muy difícil prever en este país la marcha de las cosas.

Seguramente haré un viaje a Compostela, de varios días a primeros de abril. A ver si en esa ocasión podemos vernos. Haré lo posible.

Volviendo a Lorenzo, qu[i]ero decirle que era también persona que atraía mi interés. Hemos pedido al Ministerio la rápida aparición de dos cátedras, a fin de evitar luchas estériles. Ojalá nos hagan caso.

Le abraza su viejo amigo.

A. Zamora Vicente

[Transcripción do manuscrito de Óscar Fernández Poza]

²³ V. n.21

²⁴ Supoño que se refiere a *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* (Vigo, Galaxia, 1955), preparada polo propio Del Riego.

²⁵ En efecto, no volume de homenaxe a don Ramón, publicado en 1958 (ano da xubilación, como catedrático da Universidade de Santiago), non figura ningún traballo de A. Z. V.

²⁶ Responde á carta de Del Riego (11-1-1971) no que se interesa por Ramón Lorenzo, opositor á cátedra de Filoloxía Románica da Universidade de La Laguna. A. Z. V. era membro do tribunal.